

16 de marzo de 2020

Ao abeiro do Plan territorial de emerxencias da Xunta de Galicia e do estado de alarma decretado a nivel estatal, Emprego Galicia, en coordinación co Servicio Público de Empleo Estatal (SEPE), acordou as seguintes medidas:

No que se refire ás **OFICINAS DE EMPREGO:**

- As **oficinas de emprego permanecerán pechadas ao público.**
- **NON será necesario renovar a demanda de emprego ata o 30 de abril de 2020.**
- Se tes que realizar algún **trámite urxente na túa demanda de emprego, poderás facelo chamando** a túa oficina de emprego ou ao 012.
- Quedan **suspendidas as citas presenciais de orientación laboral.**
- Quedan **aprazadas, mentres dure a suspensión das actividades educativas**, as accións de formación profesional para o emprego xestionadas ou financiadas pola Xunta de Galicia, os obradoiros de emprego e os programas integrados de emprego.

Ademais, cómpre que teñas en conta que, no que se refire ás **OFICINAS DE PRESTACIÓN** dependentes do SEPE:

- **NON se terán en conta os prazos actualmente establecidos para solicitar a prestación ou subsidio.** É dicir, o teu dereito á prestación ou subsidio queda plenamente asegurado sen ter que cumprir o prazo habitual para solicitalos.
- Habilitaranse canles para a recuperación da demanda daquelas persoas inscritas con anterioridade ou para facilitar, no seu caso, a inscrición inicial.
- **NON se esixirá a acreditación da busca activa de emprego (BAE)** na solicitude do subsidio extraordinario ou renda activa de inserción.

En calquera caso, **dende Emprego Galicia (emprego.xunta.gal)** irase actualizando toda esta **información** á medida que se desenvolva o dito plan autonómico.

Para calquera consulta ou trámite chama á túa oficina de emprego ou ao 012!.

Contactos:

Ofina emprego de Melide: 881 866 123 ou no correo oficina.emprego.melide@xunta.es

Teléfono de Información de Prestacións/Subsidios: 981 995598



SERVIZO DE ORIENTACIÓN LABORAL
TELF.:981 77 81 69